

Malia os imprevistos, xa está executada máis do 51% da obra

## O multiusos de Bastiagueiro segue collendo forma

Páxina 6



Concello de  Oleiros

Acadado un compromiso coa Xunta para a mellora do transporte

Páxina 8

# Vivir en Oleiros

Número 81  
Decembro 2024  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

O Concello reclama a construción dos tramos pendentes para conectar Oleiros con Cambre



Importantes melloras nos servizos municipais de seguridade cidadá

Páxina 9

Contratación de 20 veciños en paro para un novo Obradoiro emprego

Páxina 14

Máis recursos municipais para familias con dificultades económicas

Páxina 15

## Urxe a conexión do Paseo da Ría

■ Costas ten a obriga de rematar as dúas conexións inacabadas do Paseo da Ría en Beiramar e no Seixo. Existe un grave problema de seguridade para peóns e ciclistas polo lamentable estado no que deixaron os dous enlaces co novo tramo de paseo creado.

Páxina 4

## O orzamento municipal para 2025 ascende a 47,8 millóns

Máis da metade dos gastos destinaranse a manter e conservar a ampla rede de infraestruturas e servizos públicos existentes. Tamén se abordarán novas obras como o edificio multiusos de Bastiagueiro, a senda costeira entre Naval e Canide, o aparcadoiro en Seixo Branco ou a remodelación do campo de fútbol de Montrove, entre outras.

Páxinas 12 e 13

Como saber onde está todo en **Oleiros**

**AXENDA**  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## Seguimos sumando

Remata un ano moi positivo para Oleiros no que finalizamos importantes obras públicas como a mellora do cruce de Sol y Mar -tantos anos demandada- ou o paseo fluvial de Iñás e Nós, que usan e gozan a diario centos de persoas. Tamén iniciamos as obras da avenida de Santa Crisitina ou do multiusos de Bastiagueiro, ese gran templo público para as artes, a cultura e o deporte; temos en marcha o proceso de adjudicación de vivendas protexidas que se van construír mediante a formación de cooperativas; e seguimos realizando a diario moitas outras actuacións por

todo o municipio, de grande importancia para o mantemento da nosa calidade de vida.

Mais sen dúbida algunha a maior satisfacción que sentimos é a de continuar cultivando a cultura e a convivencia, especialmente entre a xuventude, con todo tipo de actividades que organizamos desde o Concello, non só fóra do horario lectivo, senón tamén nos propios centros escolares, da man do magnífico profesorado que temos. Unha forte aposta por transmitir valores, por ampliar coñecementos e por abrir as mentes para sembrar o futuro da nosa sociedade de mulleres

e homes libres nun mundo cada vez máis reaccionario e individualista.

Unha satisfacción extensible tamén á nosa política máis social, mediante a que nos volcamos coas familias en dificultades económicas e cos nosos maiores, aos que atendemos con esmero nas súas casas cando así o require a súa saúde; enchendo tamén de alegría e de actividade a vida daqueles que non se atopan en situación de dependencia.

Así é como Oleiros segue avanzando pola senda do progreso e da humanidade. Porque á marxe de manipuladores polí-

ticos e titulares de prensa perniciosos, son os feitos os que falan por nós. Tal é así que os mesmos que botan pestes do noso querido Concello e da xestión que realizamos escollen este territorio para residir. Por que será?

A nosa forma de facer política coñecédela ben. Somos claros e transparentes. Nós non enganamos a ninguén. Nesa liña continuaremos, traballando arreo para defender ante todo o público, mentres así o siga ordenando o pobo de Oleiros.

*Moi felices festas a todas e todos!*



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## O Concello de Oleiros fai augas

Multiplicanse os problemas nunha rede de saneamento e sumidoiros obsoletos que poñen en evidencia a falta de previsión do alcalde.

Oleiros, 4 de decembro de 2024

A declaración da Xunta de Galicia que prohibe permanentemente o baño na praia do Porto de Santa Cruz non é máis que unha demostración palmaria da desastrosa xestión que realiza o alcalde e o equipo de goberno de Alternativa dos Veciños en materia de saneamento, abastecemento e sumidoiros no Concello de Oleiros.

O grupo municipal do Partido Popular leva anos denunciando a pasividade de García Seoane, que se nega a abordar a renovación dunhas redes de auga para nada acordes co crecemento sostido da poboación de Oleiros nas últimas décadas.

*“O resultado da desidia do Alcalde vese a diario cunha rede de auga que está rebentando día a día, Oleiros fai augas por todas partes! Mentres tanto, García Seoane escúdase en que a xente minte, que todo está ben. Pero as augas pluviais se*

*mesturan coas fecais sen canalización en numerosos puntos do concello, prodúcense vertidos directos de augas residuais a subsolo que afloran coa realización de obras nas beirarrúas, interminables reparacións erradas de fochancas, que se converten en permanentes...”,* declarou a este respecto Loli Silva, portavoz municipal do PP, que indicou que *“a consecuencia directa de todo este cúmulo de circunstancias é a contaminación das nosas augas, como pon de manifesto coa recente prohibición do baño en Santa Cruz,*

*por parte da Xunta de Galicia, encargada de velar pola salubridade das augas costeiras.”*

E concluíu a portavoz dos Populares *“Xa é hora de que o alcalde tome en serio o problema da auga dos nosos veciños e destine os recursos necesarios a actualizar unha rede obsoleta que non dá máis de si. É unha cuestión de prioridades e a auga -como ben sabemos- é ben común de todos e merece unha xestión responsable, inédita ata agora en Oleiros.”*



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

## Carta de nadal pedindo o fin da ineficiencia, o despilfarro e o aumento da presión fiscal

Chegou o Nadal, así que nos está permitido soñar. Volverémonos nenos e nenos e escribírmoslle a Papá/Mamá Noel, posto que como socialistas tamén somos republicanos e feministas.

“Queridos Papa/Mamá Noel necesitamos que o 2025 nos traia un Alcalde mais democrata, mais solidario e que escoite, respecte e deixe falar. Que sexa quen de incorporar con normalidade as aportacións que a diario lle facemos os socialistas, traballando para mellorar o noso concello. Un Alcalde mellor que renuncie a esa suba desproporcionada de todas as

taxas e de todos os impostos, que tanto lles preocupa aos oleirenses, tanto pola cuantía como polo destino que se lle vai dar a eses cartos, un Multiusos que no 2025 vai costar 8,2 millóns e que despois, ademais, teremos que manter. Un Alcalde que non diga que eses cartos saíran da venda de terreos municipais prevista no 2025 en so 2 millóns. Conta sinxela, hai un DÉFICIT DE 6,2 MILLÓNS que saen da suba dos nosos impostos. Pedimos neste Nadal un Alcalde mais centrado que atenda de verdade ás necesidades dos veci-

ños e veciñas: á mobilidade, o abastecemento da auga ao saneamento, que cambie os carreiros asfaltados por estradas con beirarrúas seguras que tanto necesitamos, que potencie o comercio de proximidade, que ordene o turismo, que se preocupe pola vivenda para todos e non só para os ricos. Non pode ser que LLE SUBA O IBI UN 10% AOS VECIÑOS E BONIFIQUE O 90% ÁS PROMOTORAS urbanísticas.

Vos pedimos un Alcalde distinto, que faga de Oleiros ese pobo que todos e todas soñamos,

igualitario, progresista e democrático, sen machismo, sen discriminación, respectuoso co entorno e xente, con toda a xente. Sen medo, moderno, tecnolóxico e con futuro. Un Oleiros con casas pero tamén cos servizos que precisan as persoas que as habitan.

Gracias dende Oleiros Papá/Mamá Noel, e por si acaso tamén aos Magos e Magas de Oriente por si tendes que axudar para que nos poidan traer todo o que pedimos...feliz Nadal e moi venturoso 2025”



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## SOS sanidade en Oleiros

Oleiros é un dos concellos da nosa comarca que máis medra en poboación, ademais da gran cantidade de poboación desprazada coa que contamos no verán. Isto fai que a demanda histórica do Bloque Nacionalista Galego en relación coa adaptación dos servizos sanitarios á realidade da poboación sexa especialmente urxente. Os e as profesionais (medicina de familia, enfermaría, odontoloxía e saúde bucodental)

están a atender cotas que superan as recomendadas, tal e como levamos anos a pór de manifesto. A ampliación da Casa do Mar de Mera, como o BNG demandou en moitas ocasións, podería resolver unha parte deste problema. O caso do servizo de odontoloxía e hixiene dental é especialmente grave: as profesionais do Centro de Saúde da Covada atenden máis do dobre de persoas do recomendado. Ademais,

o Punto de Atención Continuada (PAC) de Santa Cruz foi noticia nas últimas semanas pola escaseza de profesionais. Este é o único servizo de urxencias médicas co que conta un concello que ten case 40.000 habitantes, e está a funcionar cun só profesional en cada quenda. Isto provoca que cando é preciso atender unha urxencia fóra do PAC, este queda sen atención médica. O BNG incluíu estas demandas nas emendas aos

orxamentos da Xunta de Galiza, porque consideramos que os servizos públicos, e entre eles de xeito destacado a sanidade, deben ter prioridade absoluta.

Oleiros merece unha atención sanitaria á altura, polo que o BNG continuará a demandar o aumento do número de profesionais nos nosos centros de saúde e a adaptación das instalacións á realidade da poboación.

# EDITORIAL • España sen orzamentos

◆ Está a rematar o ano e os orzamentos do Estado para 2025 seguen sen aprobarse debido á chantaxe continuada dos partidos políticos. Camiñamos cara o terceiro ano consecutivo sen posibilidade de realizar investimentos en novos servizos e obras públicas, infraestruturas imprescindibles para o desenvolvemento e o progreso de España.

Existe unha grave irresponsabilidade por parte de individuos que o seu único propósito é xerar unha crise permanente. Nacionalistas de todo tipo de condición que atentan contra a patria que defenden. Nada lles importan as persoas que os votaron e ás que lle prometeron todo tipo de melloras en vivenda, sanidade, servizos sociais, educación, infraestruturas viarias, ferrocarril, salarios...

Se non hai orzamentos do Estado, o problema esténdese tamén a autonomías e concellos xa que os fondos a outorgar por parte do Goberno central

non se recibirían. Milleiros de obras e servizos quedarían paralizados e empresas e traballadores sufrirán as consecuencias.

Malia todo, España é un dos países europeos que máis está a medrar economicamente, tal e como recoñecen organismos e medios internacionais. España vai ben, mal que lles pese aos que só van ao Congreso a cobrar dietas e salarios inmerecidos, que converten continuamente o hemiciclo nun vergoñento circo de malos pallasos e monologistas verduleros. Un problema que se magnifica cos que lles rin as grazas, debilitando os pilares do sistema democrático.

Polo ben da cidadanía de todo o Estado agardemos que os Reis Magos nos traian orzamentos para 2025... e lles deixen carbón a todos os chantaxistas da política.

Paz, saúde e ilusión

*Felices festas!*

# O Concello segue a demandar a conexión dos paseos de Oleiros e Cambre ▼

■ *Costas do Estado continúa sen atender as solicitudes do Goberno municipal respecto ao proxecto de conexión que ía de Oleiros a Cambre e que permitiría circunvalar toda a ría.*

## PASEO INCONEXO



■ Beiramar



■ O Seixo

◆ O millonario proxecto de saneamento da ría contemplaba a realización dos tramos de paseo pendentes para conectar Oleiros con Cambre, e así poder circunvalar a ría ao completo. Só se fixo un tramo intermedio, que quedou sen conexión en ambos extremos, orixinando un importante problema de seguridade para peóns e ciclistas.



Tal e como se observa na imaxe foron taladas diversas árbores de gran porte para realizar o tramo de paseo da zona do Paraíso pegado á ría. Existía unha partida para facer esta actuación e un compromiso coa Xefatura de Costas. Pero non só non fixeron a obra senón que ademais apropiáronse da madeira, propiedade do Concello de Oleiros.

*O Concello de Oleiros, que alertou dos numerosos incumprimentos existentes no seu momento, segue a denunciar a negligente actuación da Dirección Xeral de Costas e a complacencia coa empresa contratada. O Concello non aceptará baixo ningún concepto a recepción dun tramo de paseo illado nin o seu mantemento.*

## CONTAMINACIÓN



Son numerosos os residuos de grandes e medianas dimensións, facilmente visibles, que non foron retirados nesta actuación de saneamento da ría. Tampouco se realizou a aportación de area necesaria para poder utilizar a ría para o baño nas zonas de Beiramar e Agramar, tal e como se facía historicamente, enchendo a zona de pendos e quedando ao descuberto as estruturas do paseo, co futuro problema que vai supoñer para a estabilidade do firme.

## ZONA VERDE



O que supostamente ía ser unha nova zona verde de 19.000 metros na desembocadura do río Seixo, sobre as balsas creadas para depositar os lodos extraídos da ría, é un pedregal totalmente degradado.

# As outras contas pendentes de Costas en Oleiros ▼

◆ O Goberno central non está a cumprir coas competencias que lle outorga a lei sobre o litoral de Oleiros. A xestión por parte da Dirección Xeral da Costa e o Mar é inexistente e o paso do tempo non deixa de agravar os problemas. Ademais da inconexión do paseo da ría, son varias as actuacións pendentes desde hai anos, algunhas mesmo con posibles riscos para a seguridade cidadá. Pero nin os posibles danos persoais ou materiais fan inmutarse ao actual responsable da Demarcación de Costas da Coruña que actúa de forma absolutamente despótica, negándose a adoptar as medidas que lle corresponden para resolver os problemas.



## Pasarela do Castelo ▼

A ponte de conexión co Castelo de Santa Cruz presenta un estado de deterioro importante, máis acusado na zona máis próxima ao paseo marítimo. É urgente que Costas acometa a renovación desta infraestrutura pública que dá acceso a un espazo público senlleiro, un dos principais reclamos turísticos da provincia da Coruña e sede do centro de estudos ambientais máis importante de Galicia, o CEIDA.

*De non actuar en breve prazo de tempo, o Concello verase obrigado a pechar a pasarela por unha cuestión de seguridade.*

## Praia de Santa Cruz ▼

O Concello leva reclamando a Costas a recuperación da praia do porto de Santa Cruz desde o ano 2019. Debido á acción do mar unha parte da praia é inservible para o baño pola desaparición de area, que resulta preciso repoñer tamén para evitar os danos que se producen todos os invernos no paseo marítimo e que Costas tamén se nega a reparar.



## Talud do Xunqueiro ▼



A rúa Gaiyota, na zona de Punta Bufadoiro, corre serio risco de derrubamento ante os desprendementos producidos no talud que estaba sobre a cala do Xunqueiro. O Concello leva reclamando a necesidade desta actuación desde o primeiro desprendemento, hai xa case 5 anos. Ante a irresponsable actitude de Costas, tamén se denunciou a situación na Fiscalía.

*En cumprimento dunha sentenza do Tribunal Constitucional, a Xunta pasará a asumir todas estas competencias da costa en Galicia, que ata o de agora eran do Goberno central. Esa próxima transferencia, que podería demorarse meses, non é excusa para non atender estes asuntos, que levan anos enriba da mesa.*

# Importantes avances na obra do multiusos ▼

◆ Os imprevistos derivados dos resultados erróneos do estudo xeotécnico obrigharon a realizar un forte incremento na pilotaxe proxectada e unha drenaxe de toda a parcela. Malia iso **a construción está avanzando a moi bo ritmo e neste momento está xa executado un 51% obra.**

Coa cimentación xa finalizada, para a que foi necesaria a colocación de 300 pilotes que suman unha lonxitude total de 3.278 metros, estase neste momento co forxado da primeira planta o que fará que nas próximas semanas a estrutura do edificio comece a ser moi visible.

A previsión actual é que ao longo do ano 2025 quede practicamente finalizada a obra nun 90%, quedando para os primeiros meses de 2026 as instalacións así como a dotación de todo o material necesario para o seu funcionamento.

Esta importante obra pública, que ten un custo total de 11,6 millóns, permitirá dispoñer dun grande recinto para espectáculos culturais e artísticos, competicións deportivas, feiras, congresos... cunha capacidade máxima de 4.000 espectadores.

*Unha instalación multifuncional integrada na paisaxe, dotada de diversos tipos de salas e cos espazos habituais nestes recintos.*



# O modelo urbano de Oleiros, exemplo de boas prácticas a nivel internacional ▼

◆ Con motivo da celebración da feira internacional Global Mobility Call, que reúne a institucións e empresas de todo o mundo no IFEMA de Madrid, a Rede de Cidades que Camiñan elixiu a Oleiros como exemplo de transformación urbana para incluír nunha exposición xunto con outros casos de éxito como os das cidades de Valencia, Bilbao, Barcelona, Madrid, París e Nova York. “Transformando o territorio” foi o título do panel no que se amosou a rede peonil que se foi construíndo en Oleiros ao longo das últimas décadas, que abrangue máis de 100 quilómetros de beirarrúas e beiravías, parte delas con carrís bici.

Previamente, Oleiros tamén foi protagonista no congreso da Rede de Cidades que Camiñan en Pamplona, no que se deron cita os municipios de todo o Estado que realizan as melloras urbanas máis destacadas. Xunto coas cidades de Barcelona e Vitoria, o concelleiro de mobilidade, Pablo Cibeira, realizou unha ponencia explicando a xestión e a completa rede de espazos públicos e equipamentos que convierten Oleiros nun caso excepcional.



## Consolidación das beirarrúas en Che Guevara ▼




◆ Están a piques de finalizar as obras de construción de beirarrúas en Perillo, na marxe dereita dirección Santa Cruz, desde o restaurante El Mirador del Madrileño (antigo Orlinda) ata a rotonda de Che Guevara. Desta maneira consolídase o último tramo carente de beirarrúas nesta zona de Perillo. As obras demoráronse máis do previsto debido á aparición de conexións ilegais de augas pluviais á rede de alcantarillado.

## Melloras na accesibilidade das Torres de Santa Cruz



◆ Seguindo coas políticas de mellora da accesibilidade de todos os espazos públicos de Oleiros, nas próximas semanas procederase á realización dunha obra de renovación do pavimento da senda principal dos xardíns das Torres de Santa Cruz. O obxectivo é garantir uso do parque para persoas con mobilidade reducida, así como facilitar o acceso ao alfar municipal e a Casa da Gardesa.

## Mantemento do paseo de Mera ▼



◆ Finalizaron as obras de mellora do miradoiro de Santa Ana que consistiron na substitución da barandilla, fortemente deteriorada pola acción do mar, e a renovación das sendas. Tamén foi renovada por completo a varanda do paseo de Mera, na zona da praza de Miramar. O investimento total foi de **105.756 euros**.

## Asfaltados en Fornos ►

◆ Están a acometerse as obras de renovación do pavimento da rúa Fornos e dun ramal do Camiño do Regueiro. Tamén se melloraron as redes de pluviais, así como outras actuacións menores nesta zona da parroquia de Serantes. O custo destas obras é de **88.693 euros**.



# Continúa a loita pola mellora do transporte público ▼

■ *Acadado un compromiso coa Xunta de implementar cambios no primeiro semestre do ano*



◆ Ante o nefasto funcionamento do servizo de transporte público durante os últimos meses e a nula implicación da Xunta de Galicia para resolver a situación, o Goberno municipal reuniu aos concellos de Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo e Sada para reclamar de forma conxunta a mellora inmediata dos problemas existentes, compartidos en toda a comarca. Froito das negociacións, acadouse o compromiso de que as principais demandas realizadas serán atendidas no prazo máximo de 6 meses.

De non ser así, o Concello de Oleiros deixará de cofinanciar o servizo xa que a Xunta de Galicia é a administración que ten exclusivamente as competencias no transporte en todos os municipios de menos de 50.000 habitantes. O Goberno municipal entende que non se poden destinar 200.000 euros dos fondos do Concello a un servizo que non funciona, que ignora as necesidades veciñais e no que a Xunta só está a velar polo beneficio da empresa concesionaria.

## AS PRINCIPAIS DEMANDAS ▼

### • Incremento de frecuencias

Cando menos en horas punta, é necesario incrementar o paso da liña B-9 (Dexo, Serantes, Maianca, Dorneda, Liáns e Perillo), actualmente a máis saturada. Tamén é preciso mellorar a frecuencia da liña B-3 (Oleiros, Os Regos, Montrove, Perillo), actualmente de 40 minutos, e incrementar as conexións co polígono comercial de liás.

### • Nós

Respecto á liña B-1, que finaliza no Seixal, o Concello solicita a súa prolongación ata a Igrexa de San Pedro de Nós, para dar servizo completo ao conxunto da parroquia, claramente desatendida desde os cambios nas liñas do 2020.



### • Xaz-Oleiros

Outra das reclamacións é a creación dunha nova liña que parta da parroquia de Oleiros e dea servizo á urbanización de Xaz, en Dorneda, e a toda a avenida Emilia Pardo Bazán (estrada de Meirás), coa que tamén se reforzarían os pasos de autobuses entre Santa Cruz e Perillo.

### • Universidade

Para cubrir outra das principais necesidades de desprazamentos existentes neste momento, o Concello solicita que se habilite un novo servizo entre Perillo (parada do Hábitat) e o campus universitario da Coruña que funcione de forma circular nas franxas horarias de entrada e saída das aulas, de forma que se facilite o desprazamento ás máis de 800 persoas que a Universidade ten constancia que residen en Oleiros (a cifra real é superior dado que a UDC só dispón dos datos de residencia reais de 1/3 da poboación estudiantil).



### • Estudo

Con vistas á necesaria adaptación do transporte público ás demandas reais de mobilidade da poboación da comarca da Coruña é necesario a realización dun estudo rigoroso para avaliar a futura creación de posibles conexións cos principais polígonos da comarca da Coruña, centros médicos e localidades de cabecera doutros municipios; incluíndo tamén as necesidades reais a desprazamentos comerciais e de ocio, tendo en conta as particularidades horarias.

## ■ Supresión bus Lorbé-O Burgo

En función do grao de cumprimento do compromiso acadado e da atención destas demandas, analizarase a necesidade de creación ou non dunha liña interna no municipio que a Xunta de Galicia se nega a asumir pero que o Concello si estaría disposto a costear, sempre e cando teña un uso mínimo por parte da cidadanía. A Xunta tampouco quixo facerse cargo do déficit da liña supramunicipal que ía de Lorbé ata o Burgo, da que os principais usuarios eran de Cambre e Culleredo, e que, polo tanto, deixará de funcionar desde o 1 de xaneiro. A media diaria era de 25 viaxeiros e o Concello tiña que asumir un gasto anual de 80.000 para cubrir o déficit.



*O Concello de Oleiros leva anos denunciando a existencia dun grave problema de mobilidade no conxunto da comarca da Coruña. Os motivos principais son dous: déficit de infraestruturas e deficiente servizo de transporte público. A insuficiente capacidade dos viais podería diluírse cun servizo de transporte acorde ás necesidades da poboación, o que por outro lado tería un coste moito menor para as arcas públicas que as obras, polas que tamén levamos décadas clamando, que nunca acaban de ver a luz do día.*



# Melloras no Servizo Municipal de Emerxencias

■ O Concello presta este servizo durante as 24 horas os 365 días do ano ▼



◆ O Concello adquiriu recentemente dous novos vehículos por importe de 135.000 euros e ampliou as instalacións existentes no polígono de Iñás para continuar mellorando este importante servizo público. Desta maneira continúaase a incrementar a operatividade e eficacia dos efectivos municipais ao dispoñer de máis medios propios para mobilizarse en caso de incidencias.

Co novo camión autoescaleira poderanse atender incendios e realizar outras actuacións de gran altura ata 30 metros, sen depender do parque de Bombeiros comarcal, situado en Arteixo, mellorando así os tempos de resposta. Tamén se adquiriu un vehículo de mando que estará destinado a control e xestión de actividades preventivas e operativas do servizo.

Tamén se acometeu unha ampliación das instalacións, cun novo espazo anexo ao actual, co que se pasa de 650 a 950 metros cadrados de superficie. Con esta reforma foi posible reordenar e dar cabida a todos os vehículos e material que ten o Concello para atender as emerxencias.



.....  
 O Concello conta cunha Asociación de Voluntarios de Protección Civil que realiza un importante traballo participando na seguridade preventiva de infinidade de eventos deportivos, culturais, festas...  
 .....

## Incremento de persoal na Policía Local ▼

◆ Tal e como estaba planificado, o Concello procedeu á incorporación durante os últimos meses de 10 novos policías locais aos que se sumarán nas próximas semanas outros 4 que sairán da actual convocatoria que está a piques de finalizar. Para o 2025 están programadas 2 novas incorporacións para cubrir futuras xubilacións e manter o número de axentes en 42.

Oleiros sempre gozou dun extraordinario servizo de policía local. Desde a aprobación en 2007 dun nefasto cambio normativo por parte do Goberno bipartito da Xunta, que o PP tampouco modifica para seguir beneficiando as cidades, o prexuízo que se lle causa aos concellos medianos e pequenos é enorme ao permitirse a libre mobilidade dos

axentes sen ningún tipo de restrición. Así, o éxodo de policías cara ás grandes cidades é continuo, provocando tamén a acumulación de 2 prazas nunha mesma persoa. No caso de Oleiros, en 3 anos marcharon 11 policías, 8 para A Coruña, 2 para Vigo e 1 para Guitiriz.

Para cumprir a lei, as convocatorias para poder repoñer as baixas demóranse ata máis dun ano. Despois, o Concello ten que pagar o salario e a formación dos novos policías na academia da Xunta na Estrada durante 6 meses, aos que hai que engadirlles 3 máis de prácticas. É dicir, a Xunta converteu os concellos medianos e pequenos en academias de formación para que os policías despois acaben traballando nas cidades.

## Aforro anual de 100.000 euros nos pagos da auga á Coruña ▼

◆ O Goberno municipal leva meses reclamando que Emalcsa, a empresa do Concello da Coruña que subministra a auga a Oleiros, facture directamente a Aquaoleiros e non ao Concello. De non ser así prodúcese un incremento de 100.000 euros anuais polas diferencias no IVE, o que acabarían repercutindo nun incremento dos recibos da auga. Recentemente o alcalde acordou co Goberno da Coruña que modificasen

a ordenanza fiscal correspondente para garantir que sexa Aquaoleiros quen pague. Os cartos pendentes estaban consignados á espera dunha resolución xudicial firme, polo que Aquaoleiros poderá realizar os pagamentos pendentes de forma inmediata.

No pleno municipal, PSOE e PP de Oleiros opuxéronse a que fose Aquaoleiros quen pagase directamente a auga á Coruña.

## Adxudicados 86 pisos das cooperativas de vivendas protexidas

◆ O Concello reclamará á Xunta que as persoas que adquiren estas vivendas reciban as axudas anunciadas para o 2025, para financiar o primeiro pago a realizar. As persoas interesadas en adquirir algún dos pisos que aínda non están adxudicados poden dirixirse á empresa Gestogar, que adquiriu as parcelas e está a constituir as cooperativas: 604 050 000 ou [info@gestogar.com](mailto:info@gestogar.com)

# Consenso con Cambre para reclamar a vía Ártabra e melloras na subministración de auga



◆ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, acordou coa alcaldesa de Cambre, María Pan Lesta, solicitar unha reunión conxunta coa Consellería de Infraestruturas para urxir a contratación das obras de conexión da vía Ártabra coa AP-9, paralizadas sen data de reinicio ata o momento. Tamén acordaron demandar á Dirección Xeral de Costas do Estado a finalización do paseo da ría para conectar os dous concellos.

En relación á subministración de auga, o entente tamén é total para reclamar á Xunta a construción do depósito no alto de Coroto, que daría servizo á parroquia de Nós e a varias zonas de Cambre. Outros das obras principais pendentes de abordar é a ampliación da rede xeral de abastecemento de auga que procede de Cecebre, para mellorar o caudal de Cambre, Oleiros, Bergondo e Sada.

## Reformas nas instalacións da Casa do Mar de Mera

◆ O Goberno municipal, xunto co conxunto das entidades veciñais e sociais, leva anos denunciando as importantes carencias existentes no servizo de atención médica que se presta na Casa do Mar de Mera aos veciños e veciñas das parroquias de Serantes, Maianca e Dexo (4.896 habitantes). Reclamouse en numerosas ocasións a necesidade de ampliar e reformar o obsoleto consultorio


para poder ubicar no centro máis profesionais. A raíz de todas esas demandas, a Xunta de Galicia anunciou recentemente a realización de diversas obras de reforma para a creación de novos espazos.

**O Concello seguirá a reclamar unha renovación integral de todo o edificio para a creación dun centro de saúde digno.**

## Novas medidas de protección para o Monumento Natural da costa de Serantes e Dexo ▼


◆ A petición do Concello, iniciouse meses atrás a elaboración do Plan de xestión do Monumento Natural, que inicialmente contaba con numerosas deficiencias para unha axeitada protección e conservación deste enclave natural único. O Concello presentou distintas alegacións e unha parte importante foron atendidas. Así é que a Xunta accedeu a prohibir calquera tipo de competición deportiva no Monumento Natural e o acceso ás furnas; tamén aceptou a delimitación do espazo protexido que fixa o Plan Xeral; e accedeu a fomentar a plantación de especies autóctonas e a incrementar o orzamento previsto para actuar contra as plantas invasoras.

En cambio, foi rexeitada a proposta do Concello de non permitir a práctica de escalada pola afección ás distintas especies, así como tampouco se atendeu a alegación do Concello reclamando a posta en valor e recuperación dos castros e a batería militar. En canto ás prácticas militares, inicialmente permitidas e para as que o Concello solicitaba a súa prohibición total, só quedarán exentas na época de reprodución de aves, deixando as posibles autorizacións para os demais meses do ano a expensas de instancias superiores.



# O Concello cooperará con València ▼

■ *Ante a magnitude da catástrofe natural, o Concello de Oleiros cooperará con València. O Goberno municipal dirixirase nos próximos días aos concellos máis afectados co ánimo de participar nalgún programa de reconstrución concreto.*



■ Os axentes da Policía Local de Oleiros Jacobo Abella e Iago García colaboraron nas tarefas de limpeza e recuperación dos municipios afectados pola DANA. Estes dous policías renunciaron a parte das súas vacacións para aportar a súa axuda profesional. O Concello fíxose cargo dos custos de desprazamento así como do material de protección necesario para poder traballar.

◆ En función do proxecto e das súas necesidades específicas definirase a cantidade a aportar, que se verá incrementada polas doazóns que calquera cidadán pode realizar á conta solidaria permanente do Concello de Oleiros (ES12-2080-0064-9830-4001-1138).

Ante a forte devastación orixinada, tal e como comunicaron as autoridades valencianas a través da Federación Española de Municipios, o que principalmente se segue a necesitar neste momento son medios técnicos e maquinaria pesada para acelerar a limpeza de rúas, retirada de vehículos destruídos, restablecemento de redes de auga e alcantarillado...

*Aínda que os focos mediáticos comezaron a apagarse a recuperación durará meses.*

# Refórzanse os lazos de solidariedade de Oleiros con Cuba ▼

◆ Tralo envío a Cuba por parte do Concello de 3 contedores marítimos con material educativo e sanitario cedido por distintos hospitais, centros de ensino, universidades e ONG galegas; o alcalde, Ángel García Seoane, e o concelleiro de obras públicas, Antonio Molinos, visitaron a illa para entregar en destino estes recursos. Durante a visita percorreron diversas institucións de carácter social, como o centro sociocultural Quisicubá, centrado na axuda á poboación máis vulnerable da Habana.

Foron varios os encontros con autoridades para falar de posibles vías de cooperación futuras coa República de Cuba. Entre outros, houbo reunión cos gobernadores de La Habana e Mayabeque, coa deputada da Asamblea Nacional Mariela Castro, coa vicepresidenta do Instituto Cubano de Amistad con los pueblos e co responsable de relación internacionais do Partido Comunista de Cuba.

Durante os días da visita do alcalde e o concelleiro, Cuba sufriu a devastación do furacán Rafael, con ventos de máis de 185 km/h, e dous terremotos de 6 e 6,7 graos na escala Richter. O bo funcionamento do servizo público da illa e o civismo do pobo cubano fixo que non se rexistrara nin un só falecemento.





## INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL

▶ **Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros | [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)**

# O orzamento municipal para 2025 é de 47,85 millóns ▼

▪ *Incrementátese nun 9,22% en relación ao 2024 ▼*

◆ As contas do Concello para o ano 2025 centraranse na conservación e mantemento dos equipamentos e servizos públicos, cun gasto de 12 millóns en persoal e de 15 millóns en gasto corrente. Unha parte importante das obras públicas, que suman un total de 17 millóns, tamén están destinadas a renovar distintas infraestruturas e así mellorar o espazo público viario, a accesibilidade, as infraestruturas de saneamento, o alumeadado, as redes de pluviais, as tuberías de augas, a eficiencia enerxética,...



## GASTOS

▪ PERSOAL:	12.743.475,00 €
▪ GASTOS CORRENTES E SERVIZOS:	15.675.740,00 €
▪ GASTOS FINANCEIROS:	151.790,00 €
▪ TRANSFERENCIA CORRENTES:	1.547.890,00 €
▪ FONDO DE CONTINXENCIA:	350.000,00 €
▪ INVESTIMENTOS REAIS:	17.276.790,00 €
▪ TRANSFERENCIA DE CAPITAL:	30.000,00 €
▪ ACTIVOS FINANCEIROS:	36.000,00 €
▪ PASIVOS FINANCEIROS:	38.315,00 €

## INGRESOS

▪ IMPOSTOS DIRECTOS:	12.292.000,00 €
▪ IMPOSTOS INDIRECTOS:	2.235.000,00 €
▪ TAXAS E OUTROS INGRESOS :	3.198.650,00 €
▪ TRANSFERENCIAS CORRENTES:	14.378.205,00 €
▪ INGRESOS PATRIMONIAIS:	689.500,00 €
▪ ALLEAMENTO INVESTIM. REAIS:	1.954.166,14 €
▪ TRANSFERENCIAS DE CAPITAL:	1.564.145,24 €
▪ ACTIVOS FINANCEIROS:	36.000,00 €
▪ PASIVOS FINANCEIROS:	11.502.333,62 €

Tamén se abordarán con cargo a este orzamento importantes investimentos en novas obras, entre as que destacan a segunda anualidade do edificio multiusos de Bastiagueiro, a senda costeira entre Naval e Canide, un aparcadoiro próximo á zona do Seixo Branco ou unha importante remodelación no campo de fútbol do Redondo de Montrove. Para estas actuacións está prevista financiación procedente de fondos da Deputación, venda de solo municipal e dun crédito bancario do que se fixará o seu importe exacto cando se incorporen os remanentes xerados este ano.

En canto aos ingresos hai unha alza xeralizada agás no referido a taxas, prezos públicos e outros ingresos, que descenden polas cotas de urbanización que se prevían no 2024 e non se contemplan para o próximo ano. Os orzamentos inclúen xa a actualización de taxas e impostos, que levaban sen modificarse entre 9 e 21 anos, que pasan a estar equiparados aos demais concellos da área metropolitana.

O orzamento entra en vigor o 1 de xaneiro. Desde ese momento será posible a contratación das diferentes obras e servizos. Alternativa dos Veciños votou a favor, o BNG abstívose e PP e PSOE votaron en contra.

## PRINCIPAIS OBRAS E SERVIZOS QUE SE REALIZARÁN EN 2025 ▼

■ Aparcadoiro Monumento Natural Seixo Branco	150.000 €
■ Creación senda costeira entre Naval e Canide (expropiacións)	300.000 €
■ Melloras na pavimentación de rúas e camiños: rúa Rula, rúa Romeu, rúa da Poza e rúa Xosé Chas García	496.752 €
■ Acondicionamento pavimentación de rúa Atochas, tramo rúa Campo do Souto e rúa Vila en Iñás	503.247 €
■ Melloras en beirarrúas, instalacións de badéns e iluminación, renovación de pluviais no núcleo e Cavamontes (rúa Zaire, rúa Namibia...), rúa Caracola (Canide), tramo da Avda. das Américas	400.000 €
■ Renovación de beirarrúas, alumeado público e pluviais en rúa Álamos	200.000 €
■ Construción de beirarrúas e melloras na seguridade viaria en Barlomé de las Casas e A Gándara	500.000 €
■ Nova rede de saneamento e abastecemento de rúa Manuel Pardo de Andrade	400.000 €
■ Renovación de redes de pluviais: Avda. Concepción Arenal en Santa Cruz, rúa Vinculeiros (Mera), rede de saneamento campo de fútbol Leonardo Maceira, Avda. Isaac Díaz Pardo (tramo entre rúa Ferros e convento Capuchinas)	402.135 €
■ Melloras na rúa da Poza	147.864 €
■ Rede abastecemento Avda. República Arxentina con rúa Castranelas	296.044 €
■ Renovación, ampliación e modificación dos tramos de baixada e impulsión ao depósito O Redondo de Edreira desde a rúa do Pazo	228.622 €
■ Renovación tramo abastecemento na Avda. Salvador Allende	450.332 €
■ Renovación tubaría de abastecemento Avda. Rosalía de Castro, Lamastelle	400.000 €
■ Melloras de accesibilidade, instalación de cuberta e reforma de gradado do campo de fútbol O Redondo, Montrove	500.000 €
■ Construción edificio multiusos en Bastiagueiro	8.036.029 €
■ Renovación e reparación de cubertas no pavillón do Valle Inclán (Perillo) e pavillón Arsenio Iglesias (Santa Cruz)	278.554 €
■ Mellora eficiencia enerxética Castelo de Santa Cruz	100.000 €
■ Renovación e reparación da pista e acceso da casa do Pobo de Dorneda	60.000 €
■ Actuacións varias e mellora eficiencia enerxética biblioteca Rialeda	150.000 €
■ Nova sala de máquinas piscina municipal de Dorneda	195.713 €
■ Mellora da eficiencia enerxética na escola Infantil "A Pardela", Os Regos -fase II-	91.500 €
■ Reparacións de humidades, danos e filtracións de auga en nichos do cemiterio municipal de Liáns	80.000 €

## Máis cursos de formación para persoas en situación de desemprego ▼



◆ O Centro Municipal de Formación vai ofertar a partir do mes de xaneiro novos cursos formativos de cocíña; atención sociosanitaria a persoas dependentes en domicilio; atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais; socorrismo en espazos acuáticos naturais; actividades axiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería; e competencia clave nivel 2 para certificados de profesionalidade con idioma galego.

Para poder participar nos cursos e informarse, as persoas interesadas deben contactar co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, no enderezo rúa Os Regos 24, no teléfono 981 610 319, ou a través do correo electrónico [cmf@oleiros.org](mailto:cmf@oleiros.org).

## Un novo obradoiro de emprego permite a contratación de 20 veciños en paro ▼



◆ Acaba de comezar un novo obradoiro de emprego no que se realizarán distintos traballos de creación de mobiliario urbano e actuacións de xardinería e carpintería nas inmediacións e no Pazo de Lóngora. Para a realización desta actividade formativa contratáronse 5 persoas para docencia e administración e 20 veciños e veciñas en situación de desemprego que recibirán unha remuneración mensual de 1.134 euros durante os 9 meses que durará o obradoiro, máis as correspondentes pagas extras.

O alumnado participante no obradoiro formarase nas especialidades de carpintería -10- e xardinería -outros 10-. Todas aquelas persoas que finalicen satisfactoriamente o obradoiro terán un contrato nunha empresa por un prazo mínimo de 3 meses.

Para a realización desta actividade formativa do Concello a Xunta aporta unha subvención de 411.928 euros, que se completa con 37.650,59 euros de fondos municipais.

## A Aula do Mar recibe a 2.639 visitantes en outono



◆ As políticas turísticas e medio ambientais practicadas polo Goberno municipal continúan a asentarse a Oleiros como destino turístico de calidade, que suscita interese máis alá dos meses de verán. Mostra diso é o número de persoas que visitaron a antiga casa do fareiro de Mera, convertida polo Concello en centro de recepción para as persoas que queren coñecer o Monumento Natural da costa de Serantes e Dexo e que tamén alberga unha exposición interpretativa permanente. A maioría dos turistas proceden doutras comunidades do Estado español, pero cada vez se incrementa máis o número de visitantes estranxeiros, un 12% neste outono.

## O Concello destina 480.000 euros para alimentos e produtos de primeira necesidade para familias en dificultades ▶

axudas para o pagamento do aluguer ou a factura da luz, a compra de electrodomésticos e artigos imprescindibles no fogar, gafas ou dentista; asumindo os gastos de medicamentos; bonificando o 95% do custo das actividades organizadas polo Concello ...

◆ Para garantir unha axeitada alimentación dos veciños e veciñas que se atopan ante graves adversidades económicas, o Concello continuará no ano 2025 coa entrega de tarxetas moedeiro para que accedan gratuitamente a produtos frescos en supermercados. Mediante este programa tamén se cubre a adquisición de produtos de hixiene persoal e doméstica.

O funcionamento do departamento de Servizos Sociais e Igualdade analizan pormenorizadamente caso por caso antes de conceder estas axudas e realizan tamén un continuo seguimento da situación das familias ante posibles cambios que se poidan dar. Para non estigmatizar ás persoas beneficiarias emprégase o sistema de tarxetas coa fin de garantir a súa absoluta confidencialidade.

Ademais disto, o Concello está a axudar a todas estas familias custeando integramente o comedor escolar dos nenos e nenas; entregando

## O Concello organiza actividades de concienciación contra a violencia de xénero en todos os colexios e institutos ▶

◆ Para seguir avanzando na educación en igualdade, o Concello organizou diversas actividades formativas en todos os institutos e colexios públicos. Entre outras, un equipo experto de profesionais en materia de xénero, diversidade e violencias impartiron obradoiros nas aulas, enfocados na sensibilización, a prevención e a detección fronte ás violencias.

Tamén se instalaron en todos os centros de ensino Puntos Violeta para informar a alumnado e profesorado sobre violencias sexuais, consentimento, achegar diferentes recursos e servizos especializados na materia e asesorar sobre outros temas de interese e preocupación expostas polo propio alumnado. Tamén se organizaron representacións teatrais adaptadas ao alumnado de educación infantil arredor das violencias machistas e da conquista histórica de dereitos e liberdades das mulleres.



### MANIFESTO 25-N

Catro representantes do alumnado de 6º de primaria do CEIP A Rabadeira, Alejandra Fernández, Hugo Galán, Blanca Veiga e Teresa Sevilla; acompañados polo seus mestres, Diego Barja e Ana Fernández; deron lectura ao Manifesto elaborado con motivo do 25-N ante o pleno da corporación.

## A presentación do *Ven e descubre 2025!*, o 20 de marzo na Fábrica

◆ Todas as persoas maiores de 65 anos están invitadas a participar nas excursións e rutas de sendeirismo que organizará o Concello. O acto de presentación do programa será o xoves 20 de marzo, ás 20:00 horas, na Fábrica. Posteriormente, a través dos distintos medios de comunicación municipais, informarase debidamente das excursións existentes, dos prazos de inscrición...



# O Concello intensifica o control das talas para un aproveitamento sostible e a reforestación con especies autóctonas ▼

◆ Para protexer e conservar o patrimonio natural, o Concello está a intensificar o control das talas no municipio. Durante os últimos meses impuxéronse 140.000 euros en sancións a madeiros que fixeron talas sen licenza municipal.

Para evitar multas, os veciños e veciñas deben asegurarse de que os madeiros aos que lles venden a madeira dispoñan da licenza municipal e actúen conforme á ordenanza. En moitos casos tamén se están a producir talas en montes privados sen ningún tipo de acordo previo coas persoas propietarias, que deben denunciar os feitos na Garda Civil e poñelo en coñecemento do Concello.



O Plan Xeral e a Ordenanza de talas do Concello de Oleiros determinan a obrigatoriedade de obter a correspondente licenza municipal para poder iniciar unha tala en Oleiros, independentemente da autorización da Xunta de Galicia. Ademais é necesario cumprir coas condicións establecidas polo Concello en relación a aspectos tales como a reforestación, o coidado dos camiños ou a presentación de avais.

## Xornadas de voluntariado contra o Helichrysum no Monumento Natural



◆ Un grupo de veciños e veciñas participaron nas xornadas de voluntariado organizadas polo Concello para eliminar o Helichrysum petiolare na zona dos faros de Mera. Esta especie exótica invasora procedente de Sudáfrica que avanza de xeito incontrolable no Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes.

Esta iniciativa contou coa colaboración de Repsol e da Universidade da Coruña, que aproveitou a actividade para realizar un estudo e avanzar na investigación dos procedementos para a completa erradicación da planta.

## Novo tractor para desbroces ▼



◆ O Concello adquiriu un novo tractor que permitirá axilizar e perfeccionar os desbroces de cunetas, así como a limpeza de fincas de propiedade municipal. O investimento realizado foi de 170.000 euros.

**SE TES CAN ▼  
TES OBRIGAS**



# A mellor xogadora de voleibol da historia visita o municipio e comparte experiencias cos deportistas



## do Voleibol Oleiros

◆ A tricampiona olímpica cubana, Mireya Luis Hernández, estivo no polideportivo de Perillo instruíndo ás xogadoras e xogadores do Club Voleibol Oleiros cunha amena charla na que describiu as súas experiencias deportivas. Foi un encontro organizado polo Concello ante a visita da considerada como mellor xogadora da historia deste deporte, recentemente nomeada vicepresidenta da Federación Internacional de Voleibol.

Ademais dunha representación de 80 deportistas do club e da xunta directiva, no acto tamén participou o presidente da Federación Galega, o alcalde e a concelleira de deportes.

*Mireya Luis Hernández foi campioa olímpica en Barcelona 92, Atlanta 96 e Sídney 2000*

## Outra medalla para Alberto Fidalgo ▼



◆ O destacado deportista perillán puxo o colofón a un ano cheo de triunfos acadando o Subcampionato da Copa de España de marcha nórdica. Meses atrás proclamárase subcampión do mundo e campión de Europa.

## Novos triunfos dos judokas oleirenses



◆ Marta Plaza e Toni Sandino acadaron as medallas de bronce e prata, respectivamente, no Campionato de España absoluto, sector oeste. Os dous deportistas forman parte do Judo Club Oleiros.



## Anxo Lens na directiva estatal de estudantes de INEF

◆ A Xunta Directiva da Asamblea Nacional de Estudantes das Ciencias da Actividade Física e do Deporte de España (ANECIFYDE) contará cun representante do municipio: Anxo Lens, veciño de Liáns. Ademais, Oleiros será a sede da asamblea xeral anual desta entidade na que participan 50 universidades de toda España.

# Xornada de orientación académica e profesional para estudantes ▼

◆ O alumnado de 4º da ESO, FP básica e Bacharelato disporán dunha xornada informativa específica sobre saídas académicas e laborais para o seu futuro. Nesta actividade organizada polo Concello participarán diversas universidades, centros de formación profesional, escolas públicas e privadas de diversas especialidades, academias, forzas armadas...

Esta xornada vai celebrarse o mércores 19 de febreiro no pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz. Pola mañá o Concello levará ao alumnado dos centros de ensino público de Oleiros e pola tarde, de 16:00 a 18:00 horas, as portas estarán abertas a calquera persoa interesada en informarse sobre posibilidades académicas e laborais que ofrecen as 32 entidades participantes.



## Recoñecemento para a mestra do Valle Inclán Victoria Seoane ▼



◆ A profesora de educación infantil do colexio de Perillo foi distinguida como unha das mellores docentes de España nos premios Educa Abanca. Un importante recoñecemento, tras 34 anos de exemplar exercicio da docencia, e un inmenso orgullo para o Concello de Oleiros.

## O panadeiro de Lorbé elixido como un dos mellores de España

◆ Axel Pérez foi un dos elixidos entre os 50 mellores panadeiros de España, en Madrid. Obtivo a distinción tras presentar dúas pezas feitas con trigo que foron analizadas por un xurado profesional.



## María José Porteiro recibirá na Fábrica o Premio Mundiario

# MUNDIARIO

◆ A xornalista e política María José Porteiro, autora de varios libros de narrativa, ensaio e biográficos, será condecorada co III Premio Mundiario que se entregará na Fábrica o 23 de xaneiro, as 20 horas. O xurado outorgoulle a distinción en recoñecemento ao seu destacado labor e compromiso en defensa da liberdade de expresión e a cultura.

No acto, ademais do alcalde, Ángel García Seoane, tomará a palabra o director e fundador de Mundiario, José Luis Gómez, que lle fará entrega a Porteiro da escultura conmemorativa do Premio, obra de Fran Lareo. O acto de entrega será público e aberto e contará coa presenza de destacadas personalidades da cultura, o xornalismo, a política e a economía.

O xurado, presidido por José Luis Gómez, estivo formado polo xornalista e economista alemán Carsten Moser, vicepresidente da Fundación EuroAmérica; Fernando González Laxe, catedrático emérito da Universidade da Coruña; Santiago Lago Peñas, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela (USC); María Cada-val, profesora de economía da USC; Antonio Sangiao, xornalista e adxunto ao Editor de Mundiario; Judith Muñoz, xornalista e directora de Mundiaciones, e Mónica Martínez, xornalista e adxunta ao Editor de Mundiario, tamén secretaria do xurado.

## Novas rutas do programa municipal *Andares por Galicia, a cultura da natureza*

◆ O Concello segue a combinar actividades de sendeirismo en espazos naturais con visitas a museos ou outros lugares de interese cultural, histórico ou patrimonial. Así é que o 22 de febreiro terá lugar a Ruta da ferverza do Toxa ao Mosteiro de Carboeiro, con visita cultural ao Entroido dos Xenerais do Ulla; e o 29 de marzo celebrarase a Ruta pola Costa Ártabra: do faro de Meirás (Valdoviño) á Praia de Santa Comba (Ferrol), con posterior asistencia ao Museo do Humor de Fene. As persoas interesadas poderán inscribirse a través da Sede Electrónica ou na Fábrica, desde aproximadamente de 15 días antes da celebración de cada ruta.

# CABALGATA DE REIS

■ O domingo 5 de xaneiro os Reis Magos percorreren todo o municipio en autobús descapotable



◆ A comitiva real será recibida oficialmente polo alcalde na Casa do Concello, estando previsto que ás 16:30 horas Melchor, Gaspar e Baltasar saúden desde o balcón principal do consistorio a todos os nenos e nenas que se acheguen ata a praza de Galicia. Posteriormente iniciarán o seu itinerario por todas as parroquias do municipio, realizando paradas naqueles puntos nos que se concentran máis nenos e nenas.

## HORARIO | Domingo 5 de xaneiro de 2025

- ▼ 16:30 H - Recepción oficial na Casa do Concello e saúdo desde o balcón do consistorio
- ▼ 16:50 H - Urbanización Os Regos, avenida Isaac Díaz Pardo
- ▼ 17:00 H - Urbanización O Seixo, rúa Cormorán
- ▼ 17:10 H - Casa do Pobo de Nós
- ▼ 17:30 H - Urbanización Mesón da Auga, rúa Anido
- ▼ 17:40 H - Casa do Pobo de Iñas
- ▼ 18:00 H - Casa do pobo de Dexo
- ▼ 18:10 H - A Lagoa de Mera
- ▼ 18:25 H - Urbanización Rialta, parque Nicolás Redondo
- ▼ 18:40 H - Praza Esther Pita de Santa Cruz
- ▼ 19:20 H - Polideportiva II República de Perillo

## Pista de xeo e atraccións infantís ata o 12 de xaneiro

◆ Con motivo do nadal, o Concello ten instalada unha pista xeo en Perillo, na polideportiva da II República, e diversas atraccións infantís en Santa Cruz, na praza Esther Pita, onde tamén están a realizarse diversas actividades paralelas para todos os nenos e nenas. O Concello invitou a todos os colexios a levar gratuitamente aos nenos e nenas á pista de xeo. No caso dos centros que declinaron a proposta, entregóuselle unha invitación a todo o alumnado de primaria.



## Iluminación de nadal en todas as parroquias

◆ O Concello ten iluminados unha árbore ou elemento significativo e visible en cada parroquia. A importancia que teñen todas as localidades, a dispersión poboacional e a variada morfoloxía das rúas, prazas, núcleos, urbanizacións e contornas, fai economicamente desmedido iluminar rúas ao completo.

Igual que en anos anteriores, o Concello tamén está a colaborar coas distintas entidades e empresarios que realizan iluminacións de distintos espazos e elementos públicos permitindo a conexión ao alumeadado público e custeando a totalidade dos gastos eléctricos.

# Contacontos e actividades infantís en todas as bibliotecas municipais ▼

◆ As bibliotecas públicas municipais programan diferentes sesións de contacontos, concertos e actividades de promoción da lectura e obradoiros dirixidos a crianzas maiores de 2 anos. **Para participar nas actividades é imprescindible reservar praza previamente** en cada biblioteca ou ben chamando por teléfono desde 10 días antes da data da realización da actividade. **As sesións de contacontos e concertos terán lugar ás 18:30 horas e os obradoiros ás 17:30 horas nos días indicados.**

## • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO 981 639 511

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 13:** *Os ratiños da caixa*, Contacontos con **Trinke Trinke Teatro** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 20:** *Historias soñadas* con **Trémola Teatro** (+ 5 anos)



### MARZO:

- ▶ **Día 6:** *Dúas heroínas voando van!* Con **Raquel Crespo** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 13:** *Contacontos con tradición* con **Pablo Díaz** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 20:** *Tralará: contos, obxectos e música* con **Marta Ortiz** (+ 5 anos)

## • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ 981 626 338

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 12:** *Debulendo lendas galegas* con **Tarabelos Teatro** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 19:** *Rosalía pequeniña* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos)



### MARZO:

- ▶ **Día 12:** *O mundo ao revés* con **Trémola Teatro** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 19:** *Chimpo de ra* con **Raquel Queizás** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 26:** *O rei do bosque* con **Charo Pita** (+ 5 anos)



## • BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA 981 628 507

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 14:** *Conto do corpo* con **Charo Pita** (de 2 a 4 anos)

### MARZO:

- ▶ **Día 14:** *Contos para poder durmir* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 21:** *Amoriños contei* con **Tarabelos Teatro** (+ 5 anos)



## • BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. DORNEDA 981 626 638

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 10:** *Leo e as cores* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 4 anos)



### MARZO:

- ▶ **Día 10:** *Dámoslle a volta ao conto* con **Raquel Queizás** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 24:** *Doro* con **Raquel Crespo** (entre 2 e 4 anos)

## • BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS 981 664 257

### MARZO:

- ▶ **Día 14:** *Contamos en igualdade* con **Eduvía: vías para a educación** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 28:** *Leo e a música* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 4 anos)



## • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS 981 610 700

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 11:** *A decisión de Inú* con **Raquel Crespo** (entre 2 e 4 anos)



### MARZO:

- ▶ **Día 11:** *A verdadeira historia de Cincenta* con **Charo Pita** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 25:** *Os chivos chivóns* con **Catuxa Cela** (entre 2 e 4 anos)

## • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ 981 618 201

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 13:** *Casa, casiña, casona* con **Marta Ortiz** (entre 2 e 4 anos)



### MARZO:

- ▶ **Día 13:** *Lúa quere viaxar a... Marte* con **A Xanela do Maxín** (+ 5 anos)
- ▶ **Día 27:** *A maxia das palabras* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos)

## Obradoiros de creación de libros Pop Up polo entroido

◆ As bibliotecas municipais preparan un entroido cheo de actividade con actividades e obradoiros dirixidos a crianzas maiores de 6 anos nos que poderán realizar o seu libro pop up entroido.

O aforo é limitado polo que é imprescindible inscribirse na biblioteca na que desexen participar, ben sexa de forma presencial, chamando por teléfono ou por internet. O prazo de inscrición abrírase 10 días antes da data en que se celebre o obradoiro.

**A duración da actividade é de 120 minutos e comezarán ás 17:30 horas.**

- **19 DE FEBREIRO:** BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. Nós
- **20 DE FEBREIRO:** BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. Lorbé
- **21 DE FEBREIRO:** BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. Mera
- **24 DE FEBREIRO:** BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. Dorneda
- **25 DE FEBREIRO:** BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. Oleiros
- **26 DE FEBREIRO:** BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. Santa Cruz
- **27 DE FEBREIRO:** BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA

**Visita as bibliotecas municipais ▼**  
Préstamo gratuito de libros, discos e películas

# Ocioleiros oferta 19 actividades para máis de 500 veciños ▶

◆ A primeira semana de febreiro comezarán as actividades lúdicas, culturais e deportivas que forman parte dunha nova edición deste programa municipal para maiores de 18 anos. **En total ofértanse 508 prazas.**



- Fotografía dixital
- Horta ecolóxica
- Xardinería
- Obradoiro de cata de viños galegos
- Cartón pedra e papel maché

- Xoiería artística
- Cestería con rafia natural
- Obradoiro de escrita creativa
- Bailes de salón e latinos
- Xadrez
- Coctelería
- Escalada deportiva

- Patinaxe
- Defensa persoal
- Calistenia
- Marcha nórdica
- Paddle surf
- Kaiak
- Surf

Para consultar a dispoñibilidade de prazas vacantes, as persoas interesadas poden dirixirse á Fábrica.

## Visita guiada á exposición de Luis Seoane ▼

◆ O venres 14 de febreiro en horario de tarde, os veciños e veciñas que o desexen terán a posibilidade de visitar de forma guiada a exposición *Luis Seoane Identidade, memoria histórica e movementos sociais*. Trátase dunha mostra que está na Fundación Luis Seoane da Coruña. As persoas interesadas en participar na visita poderán inscribirse na sede electrónica do Concello ou presencialmente na Fábrica desde o 4 de febreiro ás 10:00 horas.

A exposición conta cunha serie de óleos, gravados, debuxos, produción editorial e outros soportes en dúas salas segundo os tres apartados aos que fai referencia o título: Identidade, Memoria Histórica e Movementos Sociais.

## Concertos en febreiro e teatro a partir de marzo ▼

◆ Todos os sábados do mes de febreiro haberá concertos de distintos grupos e estilos musicais na Fábrica, en Perillo, co XII ciclo de música *Voces Cálidas para Noites de Inverno*. A programación teatral retomárase en marzo, no auditorio Gabriel García Márquez de Mera. Informarase de todas as actuacións a través dos distintos medios de comunicación municipais.



## Novos ciclos de exposicións na Fábrica

- *Sueños y realidades*, de **Francisco López Pico**. Do 15 ao 29 de xaneiro
- Mostra de pintura de **Pilar Alamillo Sanz**. Do 12 ao 26 de febreiro
- *Plumas al vuelo*, de **Iria Seoane Botana**. Do 12 ao 26 de marzo

# TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico [comunicación@oleiros.org](mailto:comunicación@oleiros.org)*

## Woke on fire

Asistimos ao renacer dos neofascismos, o que a moitas persoas pillan de sorpresa, pois suponse que a educación xeralizada e o benestar ían traer momentos de maior progreso, de miradas máis matizadas sobre os problemas do mundo, e dos nosos propios. Pero non son fascismos como os dos anos 30 do pasado século, que tanta repercusión tiveron mesmo ata hoxe. Según me parece, a actual ultradereita nace sobre todo do progresivo abandono entre a socialdemocracia e a xente, e a inopia da esquerda ex-comunista, altermundista ou como se lle queira chamar, que, Deus me perdoe, está a por uvas. En Galiza aínda algo de poder conserva, grazas ás ententes automáticas entre o BNG e o PSOE e a casos de éxito na resistencia como o de Oleiros, e aínda temos a sorte de que a nosa dereita é tirando a civilizada e non suspira polas aspiracións neofascistas doutros pagos.

Un dos principais porqués está na chamada axenda Woke, un termo de novo cuño que, poñendo un excesivo acento en certos temas moi concretos, fan que moitas persoas perdan a perspectiva xeral.

A batalla principal en plena época do capitalismo global consiste en que a xente sexamos quen de controlar as economías públicas para que estas non se poñan, como tantas veces acontece, ao servizo das privadas. E en consecuencia, que a xente continúe morrendo en guerras con transformando económico... cántos ucraninos dan a súa vida polo capitalismo crendo que morren por Ucraína, e cántos gaza-tíes perecen por mor do Deus do seu asasino, cando o que importa é defender o hipercapitalista, imperialista e relixioso estado sionista.

Pero iso parece que non importa. Perdemos moita da nosa forza debatindo sobre se os océanos se quentan porque nos movemos mal, sobre se as mulleres deben chamarse “entes xestantes” ou sobre se a rabicha patilonga debe ser protexida. Tres temas importantes, sen dúbida... pero que se substitúen a perspectiva xeral, quedamos en simples xoguetes do sistema, abandonando conceptos tan importantes como a igualdade, a equidade ou, ás veces, o propio sentido común.

**Pedro González – Perillo**

## Fakes valencians

O festival de bronqueos que, aínda cos mortos sen enterrar, deu continuidade á DINA valenciana é consecuencia da política fake na que vivimos. A realidade foi terca: nun estado descentralizado cada administración ten as súas competencias. As entidades meteorolóxicas, dependentes do Estado, emitían as súas informacións en tempo, conforme se ían desenvolvendo os acontecementos. Os sistemas de protección civil (entre os que se atopa o fatídico sistema de alertas á poboación) son competencia da comunidade autónoma valenciana, capi-

taneada polo increíble Mazón, do PP, que estivo mareando os días posteriores para xustificar o seu penoso papel nesa terrible tarde en que non fóron quen de alertar á xente para que fose precavida. Poucas situacións se lembran de incompetencia tan flagrantes. O goberno central ofreceu colaboración absoluta, como non podía ser doutro xeito, de inmediato.

A partir destes datos que non admiten discusión algunha, entra en marcha a máquina da lameira, coma se a que asolou as rúas da área metropolitana de València non fose suficiente. Seguindo a estratexia de guerra informativa do PP, hoxe parece que tiveron a mesma culpa un e outro Goberno, grazas ás guerras polo relato que se avivaron tras a traxedia.

Redes sociais con altísimo compoñente fascista e medios da dereita transmitían a idea de que todos os políticos actuaron mal e ese terrible eslogan populista de que só a xente salva á xente, coma se o estado non fose a xente e o sistema de seguridade pública non servise para nada. A xente de ben manifestouse nas rúas pedindo a dimisión de Mazón, pero a sentenza sobre esta eventualidade só existirá cando vexamos os resultados electorais.

Un mega fake contra o que a sociedade razo-nable, cultivada e sensata ten que reaccionar antes de acabar entregando o goberno do estado precisamente aos que provocaron tanta destrución e miseria, non só polo absoluto desastre na tarde das tormentas, senón por décadas de políticas urbanísticas que invadiron as canles e exprimiron ata a extenuación a construción en zonas inundables.

**Lucía Sánchez – Dexo**

## A hipocresía do transporte público

O transporte público non acaba de despegar... iso é unha evidencia que constatamos cada día. Pero moitas veces poñemos o foco só nas cuestións máis visibles, como a frecuencia de paso ou a incomodidade dos autobuses, a súa falta de adecuación aos horarios laborais ou de estudo... pero antes de todo iso debemos reflexionar sobre dúas dimensións de diferente natureza pero igual ou máis importantes que estas xa citadas.

Cantos recursos públicos estamos dispostos a investir neste capítulo da xestión da mobilidade? Estamos realmente comparando razo-nablemente o que nos está costando a mobilidade privada (dimensión das infraestruturas necesarias, aparcamentos, atascos, sinistralidade, etc) en relación á mobilidade colectiva a nivel metropolitano? A Xunta, inspirada nas políticas neoliberais, está prestando atención a esta dimensión do asunto? Resulta rendible o sistema de concesións actual? Estamos planeando como sociedade un cambio realmente importante nun sistema que ás claras non funciona? Podemos seguir de costas a Xunta o Concello da Coruña e os concellos metropolitanos?

Outra cara sobre a relación do transporte público coa sociedade é a conexión que as empresas teñen cos seus públicos. Ao tratarse dun servizo subvencionado baixo a dirección da nosa pouco ambiciosa comunidade autónoma non se realizan as inversións necesarias para optimizar o servizo, pois todo decorre nun espeso e conservador costume de escasísima penetración social. Biletos únicos temporais para calquera bus urbano ou interurbano, aparcadoiros intermodais para deixar o coche e coller o bus, apps para pagar o servizo e informar de horarios, traxectos, ubicación dos buses, marquesiñas confortables e con información, etc.

En definitiva, detalles de calidade para un servizo á altura dos tempos, algo que, moito me temo, non está na axenda de ninguén.

**Laura Santalices García – Iñás**

## Biden enterra o “Impulso Obama”

Cando hai oito anos Donald Trump foi elixido como novo presidente dos Estados Unidos, a maior parte da sociedade mundial quedou en shock. O país americano viña de dúas lexislaturas con Barack Obama que, tendo luces e sombras, foi un mandatario recoñecido internacionalmente pola súa boa labor. Ninguén esperaba naquel momento a caída de Hillary Clinton, candidata demócrata, ante una figura tan controvertida como a do magnate.

Catro anos máis tarde, no 2020, Joe Biden conseguía vencer aos republicanos e ocupar a presidencia americana. O triste final de Trump, asegurando que as eleccións foran manipuladas, facía presaxiar que o seu mandato quedaría na historia como un pequeno parón dentro da labor demócrata que iniciara Obama anos atrás. Sen embargo, nada foi como se pensaba.

Hai unhas semanas, Donald Trump volveu gañar as eleccións, e nesta ocasión cunha gran vantaxe. A súa vitoria está probablemente fundamentada na política errática de Biden, cunha marcada tinguadura belicista, e o lamentable espectáculo protagonizado nos meses anteriores aos comicios, sendo substituído na candidatura por Kamala Harris a causa do seu dubidoso estado de saúde. En pouco máis de catro anos, borrou todo o “impulso Obama” que podía quedar entre os votantes.

Aínda con esto, o problema para os demócratas pode ser incluso máis profundo. Biden está a tomar decisións inconcebibles tendo en conta a súa posición de presidente interino. Nas últimas semanas autorizou a Ucraína a bombardear Rusia con mísiles estadounidenses, o que podería xerar unha escalada no conflito bélico. Por se eso fose pouco, está a promulgar distintos indultos de forma arbitraria, entre os que incluíu tamén ao seu fillo.

Mentres tanto, o partido ve como Harris, unha das súas grandes esperanzas de futuro, quedará marcada para sempre por esta dura derrota electoral. Agora, é momento de buscar unha figura que poida ilusionar a cidadanía como o fixo Obama en 2008, cando cambiou o escenario político americano por completo.

**María López Zambrano – Santa Cruz**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	881 880 801
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

**Bibliotecas**

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618



**38.952**  
*habitantes empadroados/as!*

**Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 19 de decembro**

DEXO (Santa María)	1.485
DORNEDA (San Martiño)	3.780
IÑÁS (San Xurxo)	1.306
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.364
MAIANCA (San Cosme)	1.745
NÓS (San Pedro)	5.034
OLEIROS (Santa María)	3.349
PERILLO (Santa Leocadia)	9.198
SERANTES (San Xulián)	1.691

**TOTAL 38.952**

**Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO**



**En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333**

**Aeroporto de Alvedro 981 187 200**

**Estación autobuses A Coruña 981 184 335**

**Estación FFCC San Cristovo 902 432 343**

**LORBÉ ■ O BURGO**

**2652**

**> SAÍDAS**

Cal Pita - Eliseo Pita

**REGRESOS <**

**LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO**

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

■ PERILLO • Avda. Rosalía de Castro, 247	Do 28 ao 3 de xaneiro
■ NÓS • Avda. das Mariñas, 247	Do 4 ao 10 de xaneiro
■ SANTA CRUZ • Francisco Comesaña 4-6	Do 11 ao 17 de xaneiro
■ ARILLO • Avda. República Arxentina, 106	Do 18 ao 24 de xaneiro
■ OS REGOS • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4	Do 25 ao 31 de xaneiro
■ SANTA CRUZ • Rúa Viñas de Babilonia, 10	Do 1 ao 7 de febreiro
■ PERILLO • Avda. Ernesto Che Guevara, 16	Do 8 ao 14 de febreiro
■ LORBÉ • Rúa Golfiño, 117-A	Do 15 ao 21 de febreiro
■ IÑÁS • Avda das Mariñas, 54, Parque Oleiros	Do 22 ao 28 de febreiro
■ PERILLO • Rúa Areal, 17	Do 1 ao 7 de marzo
■ OLEIROS • Camilo Díaz Baliño, 1	Do 8 ao 14 de marzo
■ MERA • Praza de Miramar, 4	Do 15 ao 21 de marzo

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	3 xaneiro / 2 febreiro / 3 marzo
<b>Mingua</b>	10 xaneiro / 9 febreiro / 10 marzo
<b>Nova</b>	18 xaneiro / 17 febreiro / 18 marzo
<b>Medra</b>	27 decembro / 25 xaneiro / 24 febreiro

# Que a luz da cultura siga brillando con forza no 2025

